

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1197).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1198).- EXPEDIENTE PARA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN BEIRARRÚA PAR JENARO DE LA FUENTE, ENTRE RÚA ARAGÓN E RÚA TOLEDO”. EXPTE. 2004/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.13, o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 29.10.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras de Humanización beirarrúa par Jenaro de la Fuente, entre Rúa Aragón e Rúa Toledo.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexirá a licitación redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 29 de outubro de 2013, para a Humanización beirarrúa par Jenaro de la Fuente, entre Rúa Aragón e Rúa Toledo.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas técnicas administrativas particulares que rexirá a licitación redactado polo Xefe de Área de Fomento, con data 12 de agosto de 2013, para a Humanización beirarrúa par Jenaro de la Fuente, entre Rúa Aragón e Rúa Toledo.

4º.- Autorizar o gasto polo importe 165.289,26 Euros, máis o 21 % (34.710,74 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 200.000 Euros (douscentos mil), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.619.00.03 do orzamento municipal vixente.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

3(1199).- EXPEDIENTE PARA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDUREMTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE HISPANIDADE (ENTRE GRAN VÍA E A RÚA ZAMORA)”. EXPTE. 2019/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.13, o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 29.10.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras de Humanización da Avda. da Hispanidade (entre Gran Vía e a rúa Zamora).

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexerá a licitación redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 29 de outubro de 2013, para a Humanización da Avda. da Hispanidade (entre Gran Vía e a rúa Zamora).

3º.- Aprobar o prego de cláusulas técnicas particulares que rexerá a licitación redactado polo Xefe de Área de Fomento, con data 12 de agosto de 2013, para Humanización da Avda. da Hispanidade (entre Gran Vía e a rúa Zamora).

4º.- Autorizar o gasto polo importe 165.289,26 Euros, máis o 21 % (34.710,74 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 200.000 Euros (douscentos mil), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.619.00.05 do orzamento municipal vixente.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

4(1200).- EXPEDIENTE PARA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDUREMTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS, FASE 1, ENTRE PRAZA M. DIEGO SANTOS E RÚA RAMÓN ANTONIO ÁLVAREZ”. EXPTE. 2039/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.13, o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 29.10.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras de Humanización da Rúa Marqués de Valterra.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para a Humanización da Rúa Marqués de Valterra, redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 29 de outubro de 2013.

3º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas administrativas particulares que rexerá a licitación para Humanización da Rúa Marqués de Valterra, redactado polo Xefe de Área de Fomento, con data 9 de setembro de 2013.

4º.- Autorizar o gasto polo importe 174.380,16 Euros, máis o 21 % (36.619,83 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 211.000 Euros (douscentos once mil), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.619.00.02 do orzamento municipal vixente.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

5(1201).- EXPEDIENTE PARA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS, FASE 1, ENTRE PRAZA M. DIEGO SANTOS E RÚA RAMÓN ANTONIO ÁLVAREZ”. EXPTE. 2060/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.13, o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 29.10.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a declaración de urxencia para o proceso de licitación do expediente de contratación das obras da Humanización da Rúa Ferreiros, Fase 1, entre Praza M. Diego Santos e Rúa Ramón Antonio Álvarez

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para a Humanización da Rúa Ferreiros, Fase 1, entre Praza M. Diego Santos e Rúa Ramón Antonio Álvarez, redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 29 de outubro de 2013.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas técnicas particulares que rexerá a licitación para Humanización da Rúa Ferreiros, Fase 1, entre Praza M. Diego Santos e Rúa Ramón Antonio Álvarez, redactado polo Xefe de Área de Fomento, con data 20 de setembro de 2013.

4º.- Aprobar a execución de gasto plurianual en canto ao orzamento base de licitación segundo o apartado 3 das FEC, polo importe de 137.010,31 Euros, máis o 21 % (28.772,17 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 165.782,48 Euros (cento sesenta e cinco mil setecentos oitenta e dous euros con coarenta e oito céntimos), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación

orxamentaria 1550.619.00.06 do orzamento municipal vixente, dividido nas seguintes anualidades:

Ano 2013 51.023,94 Euros dos cales corresponden ao IVE 8.855,40 Euros.
Ano 2014 114.758,54 Euros dos cales corresponden ao IVE 19.916,77 Euros.

Aprobar a modificación das porcentaxes establecidas para os gastos plurianuais, no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que conforme o plan de obra previsto adecúanse respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2014) nun 294,91 %.

De producirse baixas sobre o orzamento base de licitación na adxudicación do presente contrato, as mesmas serán aplicadas aos créditos da segunda anualidade.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

6(1202).- EXPEDIENTE PARA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDUREMTO ABERTO, DAS OBRAS ESTRUCTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE – PEBEGÓNS (ZAMÁNS). EXPTE. 2072/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.13, o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 29.10.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras de Estructura de paso sobre regato Vilaverde – Pebegóns (Zamáns).

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para a Estructura de paso sobre regato Vilaverde – Pebegóns (Zamáns), redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 29 de outubro de 2013.

3º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a licitación para Estructura de paso sobre regato Vilaverde – Pebegóns (Zamáns), redactado polo Xefe de Área de Fomento e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 27 de setembro de 2013.

4º.- En canto ao orzamento máximo de licitación do contrato, no apartado 3 das FEC, fíxase en 89.882,87 Euros, máis o 21 % (18.875,40 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 108.758,27 Euros (cento oito mil setecentos cincoenta e oito euros con vinteseite céntimos), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orxamentaria 1550.210.00.00 do orzamento municipal vixente.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

7(1203).- EXPEDIENTE PARA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, DA MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXOTE. 2082/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.13, o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 29.10.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras de Mellora de infraestructuras nas parroquias do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para a Mellora de infraestructuras nas parroquias do Concello de Vigo redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 29 de outubro de 2013.

3º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a licitación Mellora de infraestructuras nas parroquias do Concello de Vigo, redactado polo Xefe de Área de Fomento e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 3 de outubro de 2013.

4º.- En canto ao orzamento máximo de licitación do contrato, no apartado 3 das FEC, configurando como seguinte orzamento básico de licitación o importe total de 588.420,83 € (CINCOCENTOS OITENTA E OITO MIL CATROCENTOS VINTE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS), sendo o importe correspondente o IVE o de 102.122,62 €, dividido en tres lotes;

Lote 1: 1550.619.00.06 (221.411,96 €)

Lote 2: 1550.619.00.06 (121.357,48 €)

1550.619.00.01 (49.999,99 €)

Lote 3: 1550.619.00.06 (195.651,40 €)

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

8(1204).- EXPEDIENTE PARA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20. EXPTE. 2085/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.13, o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 29.10.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras de Acondicionamento e mellora do acceso ao Barrio de Navia dende a VG-20

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para a Acondicionamento e mellora do acceso ao Barrio de Navia dende a VG-20 redactado polo

Xefe de Área de Fomento con data 29 de outubro de 2013, adaptado á Lei 4/2013 de 27 de febreiro, de Apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.

3º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a licitación Acondicionamento e mellora do acceso ao Barrio de Navia dende a VG-20, redactado polo Xefe de Área de Fomento e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 8 de outubro de 2013.

4º.- O orzamento máximo de licitación do contrato, é de 164.000 € (CENTO SESENTA E CATRO MIL EUROS), sendo o importe correspondente o IVE o de 28.462,81 €, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.619.00.04 do orzamento municipal vixente.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

9(1205).- PROXECTO DE OBRAS DE “RENOVACIÓNS DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA TOMÁS ALONSO (ENTRE A ALAMEDA SUÁREZ LLANOS E A RÚA CAMILO VEIGA)”. EXPTE. 2339/443.

Visto o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 24.10.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto para executa-las obras de “ Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Tomás Alonso (entre a Alameda Suárez Llanos e a rúa Camilo Veiga)”, por un importe total de 1.348.804,29 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

2º.- Aprobar os costes asociados ao proxecto por importe de 56.615,77 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	VILAR MONTORO INGENIERÍA	22.668,98 €
Asistencia técnica á D.O.	VILAR MONTORO INGENIERÍA	22.668,98 €
Coordinador de Seguridade e Saúde	CSM	5.667,24 €
	SUMA	51.005,20 €
	11% Gastos de Xestión	5.610,57 €
	TOTAL (IVE excluído)	56.615,77 €

10(1206).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA AS OBRAS DA “SEGUNDA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 7023/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.10.13, o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, do 25.10.13, conformado pola concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras da SEGUNDA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA, ao amparo dos artigos 112 do TRLCSP a efectos de redución de prazos, e o artigo 144 do TRLCSP.

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e das Follas de Especificacións do Contrato, redactadas e asinadas polo xefe da oficina administrativa de contratación, a técnica de administración xeral de contratación e a concelleira delegada de contratación o 25/10/2013 e que rexirán no contrato de obras da SEGUNDA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA.

3º.- Autorizar o gasto para o presente exercicio por importe total de 378.972,21 euros, (IVE engadido do 21%) con cargo a partida orzamentaria 3360.6220000 do orzamento municipal vixente.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista por procedemento aberto.

11(1207).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS. EXPTE. 3836/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnico de Xuventude, do 8.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Xuventude e pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Excluir da lista de admitidos ás seguintes solicitudes polos motivos referidos a continuación:

1.-Asociación Xuvenil do centro cultural e deportivo de Candeán, por non aportar a documentación solicitada na base décimo primeira, apdo f) h), i) l), m), das bases xerais da Convocatoria.

2.-Círculo Mercantil de Vigo, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.

3.-Asociación benéfica Beiramar, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.

4.-Cruz Vermella Española, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.

5.-III Pasarela de xóvenes creadores Texvigo e moda. Por ter anulada a súa solicitude de subvención ao non poder realizar o proxecto proposto durante o ano 2013.

2º- Conceder unha subvención para as seguintes entidades que a continuación se relacionan coa ponderación correspondente. *(As valoracións completas realizadas pola Comisión de Valoración pódense consultar no presente expediente no informe de valoración de subvencións que acompaña a Acta da comisión):*

<u>ASOCIACIÓN/GRUPO</u>	<u>Puntos</u>	<u>Subvención</u>
GRUPO A LENDA DAS HONDAS NIF: 36161770C Subvención solicitada: 1100€ Proxecto Rol en vivo "A cara da tolemia" Nº 2	6,62	455,87€
COLECTIVO CULTURAL ALTERNATIVO MALAHERBA CIF: G 36983310 Subvención solicitada: 3.000€ Escenario novos talentos dentro fo Festival Sons da Lameira nº 3	7,23	497,54€
CLUB FREESTYLE SLALOM VIGO CIF: G27722305 Subvención solicitada: 3000€ COPA DE ESPAÑA nº 5	5,73	394,31€
ASOCIACIÓN ESBOZOS XUVENIL E CULTURAL CIF: G27755065 Subvención solicitada: 3441,07€ Actividades 2013 nº 6	6,62	455,74€
TRASNOS BEISBOL CLUB CIF: G27750645 Gasto total: 5564€ III Campus de verano Trasnós BC-Ciudad de Vigo nº 7	5,77	397,48€
VOCALIA XUVENIL ASUBÍO-CCR CABRAL CIF: V 36658680 Subvención solicitada: 800€ Dinamización do barrio nº 8	6,40	440,72€
ASOCIACIÓN XUVENIL "XUNTANZA XUVENIL" CIF: G 36744951 Subvención solicitada: 2000€ CAMPAMENTO CREATIVO ESTIVAL nº 9	7,55	519,92€
ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA	7,36	506,83€

CIF: G36636538 Subvención solicitada:1000€ Proxecto Eixo nº 11		
CASA DE ANDALUCÍA DE VIGO CIF.G 36621290 Subvención solicitada: 520€ El legado de Rosalía y la herencia de García Lorca nº 13	6,04	415,66€
ASOCIACIÓN CULTURAL XUVENIL ARCADIA CIF: G27750991 Subvención solicitada: 500€ A batalla de Fornelos nº 14	7,93	545,74€
GRUPO DE HUGO BARREIRO GÓMEZ NIF: 36113519T Campamento de verán Navia 2013 Subvención solicitada: 2346€ nº 16	7,38	508,21€
ASOCIACIÓN XOGAIS CIF: G 36917077 Subvención solicitada: 3065€ Xuventude Con- vive nº 17	7,44	512,07€
ASOCIACIÓN GALEGA DE PERCUTAS OMAR CIF: G 36482347 Subvención solicitada: 1250€ Verán bate coa man. Vigo. nº18	7,30	502,70€
ASOCIACIÓN XUVENIL DE XOGOS DE ROL, CARTAS E ESTRATEXIA CANCERBERO CIF: G36909976 Subvención solicitada: 1000€ Torneos de estratexia Cancerbero 2013 Nº 19	6,74	464,34€
ASOCIACIÓN XUVENIL DO CSCR DE BEADE CIF: G 36851806 Subvención solicitada: 1850€ Xovenes en acción cultural Nº 20	5,56	382,88€

TOTAL PUNTOS DE TODAS AS ENTIDADES.....101,65

COEFICIENTE (7.000 EUROS/ SUMA DE PTOS ENTIDADES),
RELACIÓN 1:1 COEFICIENTE:EURO.....68,86

TOTAL EUROS A SUBVENCIONAR.....7.000€

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.